

A TODOS OS PROFESIONAIS

Vigo, 9 de Marzo de 2009

A respecto da “mobilidade profesional” sorprendeunos, na reunión do venres, a declaración da Dirección ó afirmar que o documento-borrador, que fora entregado hai uns días para ser debatido polos afectados, e con comentario ameazante, decláranlo definitivo.

A C.I.G. ante semellante actitude, quizais froito dalgún subidón do 1.M, manifestámoslle que non nos parece serio que mostrando as partes vontade para afrontar este problema, a Dirección se peche en evitar que se acadase un acordo que contemplase as máximas garantías para evitar que neste proceso de ida e volta os traballadores non se atopen no camiño coas discriminacións, que tanto se practican nesta casa.

Por elo a C.I.G, unha vez feita a Asemblea o día 20 de febreiro cos afectados para debater dito borrador, onde como todos sabedes presentamos 6 puntos, tomouse o acordo de propoñer a todos os sindicatos unha convocatoria xeral. Formalidade que se realizou o pasado xoves día 5, onde só un sindicato mostrou a súa disposición a realizala.

Os que xa coñecedes o documento, e se non tédelo a vosa disposición no local, observaredes que neste proceso a Dirección quere conservar as mans libres, sobre todo para evitar o posible retorno dos profesionais que se lles cambien as funcións, ó aplicárselles na valoración individualizada as “competencias” que nada teñen que ver coa súa profesionalidade.

Para a C.I.G. estas ameazas, que fixo a Dirección para cos profesionais, e así llo manifestamos, deben ir destinadas para aqueles que gozando de poder e mando outorgado precisamente pola propia Dirección, e sen ter en conta nin a formación nin a cualificación, regalaron categorías a *destro e sinistro* para manter o “aparato”. Eses son ós que habería que pedirilles responsabilidades.

Por elo a C.I.G., segue mantendo o seu compromiso de defender a este colectivo coa maior participación sindical posible.

Confederación Intersindical Galega

www.cigcitroen.com